



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Revisión dos actos en vía administrativa

CONVOCATORIA: Convocatoria de universidades

GRUPO: Cursos EGAP - Universidades

ÁREA: Réxime xurídico e actividade contable das administracións públicas

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	F. FINALISTAS	HORAS:	25
ADMINISTRACIÓN:	UNIVERSITARIA	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2022
MOD.IMPARTICIÓN:	TELEFORMACIÓN	TIPOLOXÍA:	XERAL	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 11/03/2022 - 08:00h ao 22/03/2022 - 23:55h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

O obxectivo principal no curso é afondar no réxime xurídico da revisión dos actos en vía administrativa previsto na recente Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC) e nas novidades máis destacadas introducidas nesta materia.

O estudo centrarase nos diferentes mecanismos de reacción que prevé o ordenamento xurídico para garantir o sometemento da actuación das Administracións públicas á Lei e ao Dereito. Analizaranse as distintas clases de recursos administrativos, os seus trámites, prazos e efectos, así como as cuestións relativas á revisión de oficio dos actos administrativos e demais institucións xurídicas relacionadas coa anterior, sempre dende una perspectiva práctica, con referencias á importante doutrina xurisprudencial na materia e coa finalidade de aplicar os coñecementos adquiridos á resolución de supostos prácticos.

DESTINATARIOS

Persoal de administración e servizos (PAS) das Universidades do Sistema Universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).

PROGRAMA

1. Introducción: Novidades da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas en materia de revisión dos actos en vía administrativa.
2. Revisión de oficio de disposicións e actos nulos.
3. Declaración de lesividade de actos anulables. Revogación de actos e rectificación de erros.
4. Recursos administrativos. Réxime xurídico xeral e regras comúns á tramitación de recursos.
5. Estudo dos recursos administrativos: recurso de alzada, recurso de reposición e recurso extraordinario de reposición.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Criterios xerais da EGAP, segundo a Resolución do 4 de xaneiro de 2008 (DOG do 10 de xaneiro de 2008).

3. DATOS EDICIÓN

T01

LOCALIDADE: TELEFORMACIÓN

INICIO / FIN: 01/06/2022 a 27/06/2022

NUM. PRAZAS: 50

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME: 30/06/2022 ás 16:30h

DOCENTES NOMEADOS

SILVIA NEGREIRA VIDAL

LUGAR DE REALIZACIÓN

Exame en liña